



NOTA DE PRENSA 30 de setembro 2020

A D.O. Ribeira Sacra aumenta as vendas estatais e galegas nesta campaña vitivinícola

Os datos de vendas no sector do viño danse conforme á última **campaña vitivinícola que vai desde o 1 de agosto do 2019 ao 31 de xullo do 2020 e mídense en hectolitros**. Dese período unha parte importante transcorreu xa coa pandemia do coronavirus e o correspondente peche do sector hostaleiro e restauración, aínda así os datos da D.O. Ribeira Sacra en canto ás vendas no **territorio estatal** melloraron con respecto á anterior campaña, **situándose en 38.759 hectolitros, fronte aos 36.162 do pasado ano**; o que fai pensar que durante o confinamento aumentaron as vendas en supermercados e online. En España as comunidades que máis compran viño con D.O. Ribeira Sacra son Valencia con 1.997,40 hectolitros, Madrid con 698,94 hectolitros, Cataluña 313,97 con hectolitros e Castela e León 118,80 hectolitros.

En **Galicia a D.O. tamén aumentou as vendas** con respecto á pasada campaña, con 34.026,31 hectolitros este ano e 32.428,70 o pasado ano. Ourense é a provincia onde máis viño con D.O. Ribeira Sacra véndese, 16.863,38; seguida de Lugo con 8.598,54, A Coruña 5.294,71 e Pontevedra con 2.579,84. Con respecto á anterior campaña subiu a venda de viños con D.O. Ribeira Sacra nas provincias de Lugo e Ourense e descendeu en Pontevedra e A Coruña.

Na **exportación** deuse un lixeiro descenso con respecto ao ano pasado, pasando de 1.629,84 hectolitros a 1.506,93 neste último período. Aínda así aumentaron as exportacións a países como Bélxica, Canadá, China, Irlanda, Italia ou Suíza; destacando o aumento en **Rusia, Países Baixos e Alemaña**. Este aumento vincúlase ás visitas que fixeron ás adegas e viñedos da D.O. Ribeira Sacra importadores e prescritores e tamén á presenza en feiras internacionais como Prowein, London Wine Fair, Vinexpo Bordeaux,...e outros eventos como Decanter. Mentres que a asistencia a feiras nacionais como Gourmets ou Fenavin, contribuíu a consolidar as vendas no resto de España e a ter máis presenza no resto do territorio nacional.



NOTA DE PRENSA 30 de septiembre 2020

Os efectos da pandemia e as súas limitacións de tráfico si repercutiron no **comercio con EEUU** onde na anterior campaña vendéronse 472,17 hectolitros e este ano 339,56. O mellor ano das relacións comerciais con EEUU foi o 2015 con 877,32 hectolitros. Ese ano as vendas en exportacións da D.O. Ribeira Sacra aumentaban considerablemente, pasando de 359,40 de 2014 a 1.575,29 hectolitros do 2015. **Sumando exportacións e importacións a D.O. Ribeira Sacra mellora resultados e pasa de 37.792,36 hectolitros a 40.266,28** nesta campaña vitivinícola que acaba de terminar.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirasacra.org